

Resultados no SUG

EIL1314: “*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014*”

(Enquisa realizada en xullo de 2017)

María Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello Reitor da ACSUG

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

30 de xaneiro de 2001: creación do consorcio ACSUG

“Nace coa vontade de conseguir que o Sistema Universitario de Galicia alcance un gran prestixio e recoñecemento dentro do contexto universitario nacional, europeo e internacional”

ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL

Actividade realizada periódica e continua desde a creación do consorcio ACSUG (2001)

Duodécima enquisa de inserción laboral realizada á poboación titulada en graos principalmente

Obxectivos

A obtención de información sobre:

- a percepción dos titulados sobre a súa formación e a súa universidade*
- a súa busca de emprego e a súa situación laboral actual*
- a satisfacción con respecto aos estudos realizados*

Finalidade

Servir de apoio as institucións universitarias, aportando resultados que pola súa natureza, contribúen o deseño de estratexias para a revisión e mellora da calidade da oferta universitaria no Sistema Universitario de Galicia, minimizando as distancias entre os obxectivos de aprendizaxe e os requirimentos profesionais e de empregabilidade.

Títulos de GRAO ofertados dentro do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)

2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
5 graos	52 graos	120 graos	119 graos	119 graos	120 graos

*Fonte: Datos estatísticos do Sistema Universitario de Galicia
Secretaría Xeral de Universidades (<http://www.edu.xunta.es>)*

Representatividade dos graos nos EIL

EIL1112: titulados no curso académico 2011-2012	EIL1213: titulados no curso académico 2012-2013	EIL1314: titulados no curso académico 2013-2014
26 graos	70 graos	118 graos

*Perfil real da poboación titulada en graos
no curso académico 2013-2014*

EIL1314 (poboación titulada no curso académico 2013-2014)


*Análise da situación de **tituladas e titulados recentes** que levan no mundo laboral un máximo de tres anos aproximadamente*

Poboación 2013-2014	Mostra 2013-2014	Taxa de resposta
8.403	5.132	61,07%
<i>Enquisa realizada en xullo de 2017</i>		

Características dos estudos de inserción laboral:

- *Estudo máis exhaustivo realizado en España respecto a inserción laboral de tituladas e titulados universitarios*
- *Serie temporal máis longa deste tipo de estudos*
- *Referencia a nivel autonómico e nacional*

Preto do 80% das tituladas e titulados universitarios no SUG traballaba no momento da realización da enquisa. Destácase un *incremento de nove puntos porcentuais* con respecto ao estudo previo, que era do 70%.




Os titulados das 3 Universidades galegas están satisfeitos cos estudos universitario cursados. O 92,43% dos titulados volvería cursar estudos universitarios e, practicamente, a mesma porcentaxe faríao na mesma titulación e universidade, do que pode deducirse a **boa calidade da ensinanza impartida nas 3 Universidades galegas.**

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si volvería cursar estudos universitarios	86,03%	88,50%	90,67%	84,98%	87,76%	86,96%	88,83%	90,43%	92,43%
Si volvería cursar a súa titulación	80,71%	81,02%	81,55%	77,13%	79,91%	77,84%	78,32%	80,29%	80,76%
Si volvería cursar a súa titulación na mesma universidade	87,83%	89,74%	87,07%	87,37%	87,50%	86,23%	86,48%	85,59%	88,49%

Funcións desenvolvidas no traballo actual


O **79,38%** dos titulados que traballan están **desenvolvendo funcións de nivel universitario** no seu traballo. Deles, o **84,45%** desenvolve funcións específicas da súa titulación.




Lugar de traballo

A maioría dos titulados (80,11%) **está a traballar en Galicia.**

En xeral, a distribución dos titulados segundo o lugar de traballo é similar á obtida no estudo anterior, aínda que diminuíron aqueles que están a traballar fóra de España.



Proxecto inicial (2001)



Estudos bianuais



www.acsug.es/gl/insercion
insercion.laboral@acsug.es

PIL9601

EIL0103

EIL0305

Estudos ANUAIS



EIL0708

EIL0809

EIL0910

EIL1011

EIL0506

EIL0607



EIL1112

EIL1213

EIL1314

Resultados no SUG

EIL1314: “*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014*”

(Enquisa realizada en xullo de 2017)

José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

UNIVERSIDADE	POBOACIÓN 2013-2014	MOSTRA 2013-2014
Universidade da Coruña	2.512	1.536
Universidade de Santiago de Compostela	3.396	1.918
Universidade de Vigo	2.495	1.678
SUG	8.403	5.132

*Táboa 1. Tamaño de poboación e mostra dos titulados no SUG no curso académico 2013-2014.
Datos por universidade e para o total do SUG.*

Poboación: Titulados universitarios no SUG durante o curso 2013-2014


Mostra: Mostraxe aleatoria simple, estratificada por titulación-campus

Erro máximo absoluto: Erro máximo admisible do 10% en titulación - campus cun nivel de confianza do 95%

Traballo de campo: Enquisa telefónica asistida por ordenador (C.A.T.I.)

Datas do traballo de campo: Do 10 de xullo ata o 3 de agosto de 2017

Titulación cursada como primeira opción




Para o **75,02%** dos titulados no SUG do curso académico 2013-2014 a titulación obtida fora a **súa primeira opción**.

Esta porcentaxe supón un descenso de case dous puntos porcentuais con respecto ao último estudo realizado.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si era a súa primeira opción	73,68%	74,58%	77,21%	73,21%	73,12%	73,90%	73,33%	76,89%	75,02%
Non era a súa primeira opción	26,32%	25,42%	22,79%	26,79%	26,88%	26,10%	26,67%	23,11%	24,98%

Bolsas de estudios



O 58,40% dos titulados gozou **dalgunha bolsa durante os seus estudos.**

Máis da metade dos titulados que obtiveron unha bolsa de estudos mantivérona durante **tres ou máis cursos académicos.**


Os titulados que gozaron de bolsa responderon maioritariamente (98,44%) que a axuda proviña **dunha institución pública española.**

As bolsas de institucións privadas españolas son minoritarias: só o 2,24% dos enquisados gozaron delas.


Outras titulacións universitarias rematadas

O 50,42% dos titulados no SUG do curso académico 2013-2014 ten **outra titulación universitaria rematada**, a maiores da titulación pola que foi enquisado. Isto supón un incremento de algo máis de 3,5 puntos porcentuais con respecto á porcentaxe obtida para os titulados no 2012-2013.

Dos titulados que conseguiron outro título universitario, o **78,32% ten un mestrado**.





Mobilidade




O 19,17% de titulados participou **nalgún programa de mobilidade** durante a súa estada na universidade.

No 83,21% dos casos, o destino foi unha **universidade europea**, e no 75,42% de casos o programa de mobilidade era o **Erasmus**.



Coñecemento de idiomas




O 95,74 % dos titulados no curso 2013-2014 **coñece e é quen de usar algún idioma a maiores das linguas oficiais do SUG** (galego e castelán).

Dos titulados que coñecen algún idioma adicional, o 83,93% din ser, como mínimo, usuarios capaces de **comunicarse en inglés** con certa fluidez e redactar textos sinxelos.

En canto ao resto de linguas da contorna de España, o 32,71% dos enquisados ten algún coñecemento de **francés**, mentres que o 17,69% indica coñecer o **portugués**. O **italiano** e o **alemán** resultan ser as linguas máis descoñecidas polos titulados: non as coñecen o 90,78% e o 91,94% dos enquisados, respectivamente.

Busca de emprego




O 73,92% dos titulados **buscou emprego** relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos, e o 72,29% deles **atopouno**.

Con respecto ao estudo anterior, **aumentou a porcentaxe de titulados que buscaron e atoparon emprego** ata o 53,94%.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si buscou e atopouno	45,49%	52,01%	51,13%	47,56%	47,25%	44,49%	45,98%	50,37%	53,94%
Si buscou, pero non o atopou	23,02%	26,72%	31,08%	34,33%	38,43%	39,05%	35,03%	29,84%	19,98%
Non buscou	31,49%	21,27%	17,79%	18,12%	14,32%	16,46%	19,00%	19,78%	26,08%

Tempo en atopar o primeiro emprego



Un titulado tarda unha media de **10,42 meses** en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.


A distribución dos enquisados entre os distintos tramos temporais considerados é similar ao do estudo previo.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Menos de 1 mes	1,68%	26,56%	23,15%	19,44%	21,89%	23,13%	14,72%	13,12%	9,71%
Entre 1 e 3 meses	54,67%	34,81%	34,12%	30,54%	22,12%	19,42%	10,81%	12,71%	14,94%
Entre 3 e 6 meses	15,90%	16,19%	15,60%	14,87%	14,89%	13,04%	13,30%	13,63%	14,20%
Entre 6 e 12 meses	17,50%	14,50%	18,10%	20,99%	21,56%	20,53%	16,31%	16,97%	16,11%
12 meses ou máis	10,24%	7,94%	9,03%	14,15%	19,53%	23,87%	44,85%	43,57%	45,05%
Tempo medio (meses)	5,53	4,79	5,32	6,68	8,06	8,48	9,79	9,54	10,42

Grao de utilización e vía propiciatoria do primeiro emprego



O grao de utilización (de 1 a 5) das distintas vías para a busca de emprego dos titulados no SUG foron **Internet (3,99)**, **presentando de forma espontánea a súa candidatura (3,87)** ou **a través de familiares ou amizades (3,03)**.

Máis da metade dos titulados (55,42%) atopan o seu primeiro emprego por algunha destas tres vías, que xa eran as máis empregadas e efectivas nos estudos anteriores.



Actividade dos titulados: CURSA ESTUDOS UNIVERSITARIOS



O 17,65% dos titulados no SUG (20,23% para os homes; 16,01% para as mulleres) **continuaba estudando** no momento da realización da enquisa.



	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si estuda	32,24%	33,73%	28,34%	20,33%	22,11%	24,11%	23,38%	23,15%	17,65%
Non estuda	67,76%	66,27%	71,66%	79,67%	77,89%	75,89%	76,62%	76,85%	82,35%

Actividade dos titulados: PREPARA OPOSICIÓN

O 25,18 % dos titulados no SUG (22,59% para os homes; 26,71% para as mulleres) preparaba oposicións no momento da realización da enquisa.





A porcentaxe de titulados preparando oposicións aumentou en máis de catro puntos porcentuais con respecto ao estudo previo (24,02%).

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si prepara oposicións	25,82%	29,50%	26,02%	24,72%	13,36%	14,11%	19,59%	24,02%	25,18%
Non prepara oposicións	74,18%	70,50%	73,98%	75,28%	86,64%	85,89%	80,41%	75,98%	74,82%

Actividade dos titulados: TRABALLA

O 79,59% dos titulados no SUG (80,06% para os homes; 78,64% para as mulleres) **traballaba** no momento da realización da enquisa.




Isto representa un incremento de nove puntos porcentuais con respecto ao estudo previo (70,59%).

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si traballa	71,07%	66,11%	61,93%	59,29%	58,32%	63,33%	67,53%	70,59%	79,59%
Non traballa	28,93%	33,89%	38,07%	40,71%	41,68%	36,67%	32,47%	29,41%	20,41%

Lugar de traballo

A maioría dos titulados (80,11%) **está a traballar en Galicia**.


En xeral, a distribución dos titulados segundo o lugar de traballo é similar á obtida no estudo anterior, aínda que diminuíron aqueles que están a traballar fóra de España.



Modalidade de contratación

O 90,31% dos titulados que traballaban facíanlo por **conta allea**.

Nos resultados por tipoloxía de contrato compre destacar o aumento na porcentaxe de traballadores por conta allea con contratos indefinidos e eventuais, e a diminución dos que teñen contrato en prácticas.



Salario neto mensual


O **salario neto medio dun titulado no SUG** do curso académico 2013-2014, no momento de realizar a enquisa, é de **1.231,02 €** ao mes.

Dous de cada tres titulados (67,50%) teñen un salario mensual superior a 1.000 €.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Sen salario	-	-	-	-	-	-	1,31%	1,39%	0,00%
Menos de 500 €	5,81%	5,62%	5,19%	8,26%	12,16%	11,62%	15,42%	13,12%	4,58%
Entre 500 € e 1.000 €	31,10%	31,87%	32,19%	34,13%	36,06%	38,91%	37,92%	34,36%	27,92%
Entre 1.000 € e 1.500 €	41,21%	40,63%	40,25%	38,67%	36,25%	32,57%	28,74%	32,44%	41,77%
Entre 1.500 € e 2.000 €	18,25%	17,73%	18,25%	14,68%	12,05%	12,76%	12,61%	13,98%	19,88%
2.000 € ou máis	3,64%	4,14%	4,12%	4,27%	3,49%	4,15%	4,00%	4,71%	5,85%
Salario medio deflactado	1266,40 €	1270,97 €	1258,99 €	1158,76 €	1059,04 €	1057,11 €	1037,08 €	1086,60 €	1231,02 €

Funcións desenvolvidas no traballo actual

O **79,38%** dos titulados que traballan están **desenvolvendo funcións de nivel universitario** no seu traballo. Deles, o **84,45%** desenvolve funcións específicas da súa titulación.



Competencias requiridas no traballo actual

As cinco competencias máis valoradas polos titulados no SUG do curso 2013-2014 son as mesmas que se obtiñan no estudo anterior (cunha pequena variación de orde nas posicións cuarta e quinta).

Competencia, coñecemento, actitude	Valoración media
Capacidade para a aprendizaxe	4,55
Motivación	4,52
Capacidade para resolver problemas	4,49
Adaptabilidade	4,40
Capacidade de comunicación oral/escrita	4,39

Valoración final da traxectoria universitaria

O **92,43%** dos titulados **volvería cursar estudos universitarios**.

As porcentaxes de repetición do itinerario académico son similares as obtidas nos estudos anteriores.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112	EIL1213	EIL1314
Si volvería cursar estudos universitarios	86,03%	88,50%	90,67%	84,98%	87,76%	86,96%	88,83%	90,43%	92,43%
Si volvería cursar a súa titulación	80,71%	81,02%	81,55%	77,13%	79,91%	77,84%	78,32%	80,29%	80,76%
Si volvería cursar a súa titulación na mesma universidade	87,83%	89,74%	87,07%	87,37%	87,50%	86,23%	86,48%	85,59%	88,49%

PERFIL DA POBOACIÓN TITULADA NO SUG 2013-2014

DATOS ACADÉMICOS

- Rematou a titulación elixida como primeira opción (75,02%)
- Gozou dalgunha bolsa de estudos (58,40%)
- Coñece un idioma a maiores das linguas oficiais do SUG (46,28%), sendo o inglés o idioma máis coñecido (83,93%, como mínimo, son usuarios capaces de comunicarse en inglés con certa fluidez e redactar textos sinxelos).

BUSCA DE EMPREGO

- Buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os estudos (73,92%), e atopouno (72,29% dos que o buscaron).
- Tardou unha media de 10,42 meses en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación.
- Buscou emprego prioritariamente a través de Internet, presentando de forma espontánea a súa candidatura ou a través de familiares ou amizades.

SITUACIÓN ACTUAL

- Traballaba no momento da realización da enquisa (79,59%), maioritariamente en Galicia (80,11%).

EMPREGO ACTUAL (DESPOIS DA TITULACIÓN)

- Ten un salario neto mensual medio de 1.231,02 €.
- Desenvolve funcións no seu traballo de nivel universitario (79,38%).

SATISFACCIÓN CO ITINERARIO ACADÉMICO

- Se tivese que volver a comezar, volvería á universidade (92,43%).